



Secretaría

Actividade

Código SIA

Expediente 1407/2021

Trámite Publicación.- Anuncio Bases e modelo solicitude 3ª convocatoria de axudas, 6ª FASE ARRU

ANUNCIO

Por Resolución núm. 2025-0609, ditada con data 23 de maio de 2025 ditada pola concellería delegada de Facenda e Promoción Económica prestouse aprobación á 3ª Convocatoria e Bases reguladoras das axudas en réxime de concorrencia competitiva para a rehabilitación e substitución de vivendas dentro da Área de Rexeneración e Renovación Urbana núcleos de Mugardos e O Seixo, ao abeiro do acordo da Comisión Bilateral de relativa á Área de Renovación e Rexeneración Urbana Núcleos de Mugardos e O Seixo, asinado o 26 de outubro de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do programa do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021) e Anexo I Modelo de Solicitude; publicándose no BOP n.º 100 de 28 de maio de 2025, extracto da convocatoria, de cuxas Bases e modelo solicitude dáse publicidade do seu contido íntegro:

“ÍNDICE:

Base 1ª. Obxecto

Base 2ª. Ámbito de aplicación

Base 3ª. Contía máxima das axudas

Base 4ª. Actuacións subvencionables

Base 5ª. Orzamento protexible

Base 6ª. Requisitos das actuacións

Base 7ª. Persoas ou entidades beneficiarias

Base 8ª. Conformidade co planeamento. Criterios para as intervencións.

Base 9ª. Compatibilidades.

Base 10ª. Lugar e prazo de presentación de solicitudes



Base 11ª. Documentación e solicitude

Base 12ª. Cualificación provisional das actuacións

Base 13ª. Cualificación definitiva das actuacións

Base 14ª. Xustificación das actuacións

Base 15ª Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Base 16ª Bonificación, taxas e impostos

Base 17ª Información

Base 18ª Reintegro da axuda

Base 19ª Publicación da convocatoria

Disposición adicional primeira.- Réxime infracción e sancións

Disposición adicional segunda.- Normativa aplicable.

Base 1ª Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións para a rehabilitación de vivendas e/ou edificios de vivendas dentro das Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas (de aquí en adiante ARRU), tamén denominadas Áreas de Rehabilitación Integral, en base aos acordos de comisión bilateral (convenios de colaboración) subscritos entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Mugardos o 26 de outubro de 2018.

Base 2ª Ámbito de aplicación

O ámbito territorial destas bases é o da Área de Rehabilitación localizada en Mugardos e O Seixo, que consta no documento denominado “ESTUDO E ANÁLISE DO ESTADO DA EDIFICACIÓN DO CASCO ANTIGUO DO CONCELLO DE MUGARDOS” declarada o 17 abril de 2006.

Poderán establecerse novos ámbitos de aplicación a outras áreas de rehabilitación logo de que se aproben polo procedemento legalmente establecido.

Base 3ª Contía máxima das axudas

-Importe máximo e crédito orzamentario.



O importe máximo global das axudas para a rehabilitación de vivendas prevese no importe de 86.915,29 euros (69.733,08 € aportados polo Ministerio de Fomento, e 17.182,21 € aportados pola Comunidade Autónoma), que se imputarán ao crédito do exercicio 2025, prorrogado de 2022.

-Límites máximos das axudas.

A contía máxima das subvencións determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación, que incluírá no seu caso, os custos desagregados.

A contía máxima das subvencións procedentes da Administración do Estado non poderá exceder do 40% do custo subvencionable da actuación. Determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a continuación :

- Ata 12.000 euros por vivenda obxecto de rehabilitación. (Esta porcentaxe máxima poderá se do 75% se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Este mesmo porcentaxe se aplicará cando se acometan actuacións para a millora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio , que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos). Se seguirán as regras de adxudicación máximas establecidas no RD 106/2018, polo que se regula o plan estatal de vivenda 2018-2021, sobre o concerninte a adxudicacións máximas así como as normas que a teñan desenvolvido.

A estas contías poderanse engadir as subvencións do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que subvencionará as actuacións nas ARI declaradas, na contía máxima seguinte:

- Ata 4.000 euros por vivenda obxecto de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

No caso de actuar en zonas comúns de edificios os límites indicados aplicaranse tomando como base os requisitos do artigo 52 do RD 106/2018, de 9 de Marzo, polo que se regula o plan estatal de vivenda 2018-2021

-Criterios de distribución da contía das axudas.

No caso de que as solicitudes admitidas sexan igual ou inferior a 19, o importe da axuda concedida será proporcional ao orzamento protexible e cos límites recollidos nos apartados anteriores.



No caso de que as solicitudes admitidas sexan superior a 19, a Xunta de Goberno Local poderá incrementar a concesión do número total de axudas, aumentando o número total de actuacións propostas inicialmente polo Concello no Convenio, reducindo a contía individual de cada unha das axudas, sempre que se aprobe por parte dos órganos competentes unha adenda, aumentando o número de actuacións, ao acordo da comisión bilateral celebrada o 26 de Outubro de 2018, relativo a área de rexeneración e renovación urbana dos núcleos de Mugardos e O Seixo, asinada o 26 de Outubro de 2018

Base 4ª Actuacións subvencionables

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real decreto 106/2018, de 5 de abril, son actuacións subvencionables, a execución das seguintes obras, ademais das recollidas nos artigos 36 e 43 do mesmo RD 106/2018:

- A execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e edificios existentes de tipoloxía residencial colectiva así como das súas vivendas, ben sexan de persoas físicas ou teñan natureza xurídica privada ou pública, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos á normativa vixente.

Enténdese que as actuacións deberán estar rematadas no prazo máximo establecido nestas bases sendo apta para o uso de vivenda, e en todo caso, a 30 de setembro de 2025.

Poderán incluírse os honorarios dos profesionais, o custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados precisos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas e de acordo ao estipulado nestas bases. Non se poderán incluír impostos, taxas e tributos

Para estes efectos, consideraranse coma custos derivados da tramitación administrativa aqueles gastos que a persoa solicitante puidese satisfacer a unha empresa ou profesional por levar a cabo a xestión administrativa e documental da súa solicitude e das actuacións recollidas nela ademais de estar reflectidos tanto nos orzamentos presentados para a cualificación provisional como nas facturas presentadas para a obtención da cualificación definitiva.

As actuacións de rehabilitación axustaranse estritamente á lexislación, ao planeamento urbanístico vixente no intre de solicitaren a subvención, aos criterios establecidos nestas bases e en concreto á base 8 así coma as demais normas sectoriais que lles sexan de aplicación.



Base 5ª Orzamento protexible

1. Por orzamento protexible entenderase o custo máximo da execución da actuación.

Comprenderá o orzamento xeral, é dicir, será o resultado de lle sumar ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión por razón das actuacións. Non formarán parte daquel ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público.

Excluírase do mesmo mobiliario, elementos decorativos e materiais suntuarios.

Os orzamentos tomarán como base os prezos medios do mercado, e presentarán suficiente grao de detalle para a súa comprobación mediante prezos descompostos, prezos unitarios de materiais, man de obra e medios auxiliares, medicións desagregadas etc., ou mediante a presentación de dúas ofertas de orzamentos, que serán contrastadas polos técnicos da oficina de rehabilitación en base a bases de datos oficiais ou prezos de mercado

No seu defecto poderán empregarse os prezos referidos a Base de datos de prezos da Construción de Galicia, ou IGVS.

En calquera caso será preciso a xustificación dos custos reais e efectivos das actuacións levadas a cabo segundo o estipulado nestas bases.

Base 6ª Requisitos das actuacións

1. Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.
2. As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou a memoria elaborada para a súa execución.
3. O prazo máximo de execución da será o que figure na cualificación provisional a non ser que sexan solicitadas prorrogas, que serán concedidas sempre que non se superen os prazos máximos de xustificación administrativa, e en todo caso, o 30 de setembro de 2025.
4. As actuacións protexibles incluírán, para os efectos da determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto derivado da actuación, sempre que estean



debidamente xustificados. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

5. O custo total subvencionable constituirá o orzamento protexido da actuación e non poderá superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións.
6. Que non se iniciaran as obras antes de presentar a solicitude de axuda, o que se acreditará segundo acta asinada ao efecto polo técnico/a da Oficina de Rehabilitación.
7. De xeito excepcional, en función do prazo máximo de execución das actuacións marcado no 26 de outubro de 2025 de acordo coa DA 3ª do Real Decreto 42/2022, do 18 de xaneiro e o art. 54 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, para os efectos de acadar unha maior eficacia na aplicación dos recursos dispoñibles, poderán ser subvencionadas as obras que reunindo os requisitos establecidos na Base 2 e 4 teñan sido executadas dentro do periodo de vixencia do Plan Estatal de vivenda 2018-2021 e das prórrogas acordadas, iniciadas con posterioridade ao 28 de outubro de 2018 sempre que non estean rematadas no momento da publicación desta convocatoria do BOP, nos termos da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.

Base 7ª Persoas ou entidades beneficiarias

Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias destas axudas, as persoas propietarias únicas de edificios de vivendas ou de vivendas individuais, as comunidades de persoas propietarias, as agrupacións destas comunidades, os consorcios e os entes asociativos de xestión.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7 de forma xeral e no artigo 50 do Real decreto 106/2018, do 9 de Marzo

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou aquelas ás cales se lles revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante

Base 8ª Conformidade co planeamento. Criterios para as intervencións

1.Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán estar conformes coas determinacións da normativa aplicable en cada momento e dispor do título urbanístico habilitante.



Base 9ª Compatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta e de acordo co disposto no Real decreto 106/2018, do 9 Marzo e a lexislación en materia de subvencións de Galicia, agás que as actuacións sexan obxecto de subvención con cargo a outros programas do mesmo Plan de Vivenda.

Base 10ª Lugar e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes para calquera das axudas presentaranse en instancia normalizada no Rexistro de entrada do Concello, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou por calquera dos medios establecidos no Artigo 16 LPAC.

2. Establecerase un prazo inicial de 10 días hábiles a contar dende a publicación desta convocatoria no BOP, por conducto da BDNS, para a presentación das solicitudes de axuda que deberán acompañarse da documentación indicada na base 11.

Cando se trate de actuacións sometidas ao réxime de comunicación previa as persoas interesadas poderán solicitar mediante petición formulada no rexistro xeral do concello ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4º LPAC, de unha visita de inspección técnica e asistencia técnica para a redacción da documentación relativa ás obras previa á solicitude oficial das axudas, mediante impreso normalizado. A visita será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar ó petionario nas posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles e as actuacións que son necesarias nos termos establecidos nestas bases.

As solicitudes de asistencia técnica que se acepten pola Oficina de Rehabilitación serano só para os casos de obras suxeitas a comunicación previa segundo a lexislación urbanística, non implicarán cálculos estruturais ou relativos a instalacións e serán atendidas por orde de entrada no rexistro.

Trala visita realizarase por parte da Oficina de Rehabilitación un informe referido ás obras solicitadas, ás necesarias e ás recomendadas por dita oficina.

Neste suposto, as persoas peticionarias poderán solicitar a asistencia técnica segundo o estipulado anteriormente ou encargar pola súa conta este servizo.

Base 11ª Documentación e solicitude

Realizada a visita de inspección e/ou elaborada a documentación técnica precisa para a obtención de título habilitante, as solicitudes de axudas económicas presentaranse:

-As persoas ou entidades obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos, así



como as súas persoas representantes, deberán presentar a súa solicitude electronicamente, no seguinte enderezo electrónico <https://mugardos.sedelectronica.gal/>, segundo o modelo (Anexo I) que estará dispoñible na sede electrónica do concello.

-As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude segundo o modelo normalizado (anexo I) que estará a disposición no Rexistro Xeral e na Oficina da Área de Rehabilitación, de forma preferente de forma electrónica ou de forma física en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 PAC

Xunto coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

1. Relativa ó solicitante.

- a) Fotocopia do DNI do/a solicitante e, de ser o caso, do representante.
- b) Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal ou con máis dun propietario deberá achegarse:
 - Documento acreditativo da súa constitución
 - Documento acreditativo da representación con que se actúa.
 - Xustificación da titularidade do edificio.
 - Acordo da comunidade de persoas propietarias para a execución das obras e para a solicitude da subvención.
 - Relación de persoas propietarias do edificio, con indicación do DNI ou, de ser o caso, do NIE de cada unha, e a referencia catastral de cada vivenda e local.
 - Documentación para acreditar os requisitos previstos no artigo 6 do Real decreto 233/2013, do 5 de abril.
 - Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.

2. Documentación acreditativa da titularidade do inmovible.

- a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.
- b) Nos supostos de arrendamento. Se as obras son promovidas polo inquilino, deberá achegarse fotocopia do contrato de arrendamento, escritura da propiedade e do convenio entre o propietario e o inquilino no que se faga constar a descrición das obras e a autorización do propietario para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixible. Se as obras son promovidas polo propietario, deberá achegarse



o convenio entre este e o inquilino no que se faga constar a conformidade deste coas obras e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

3. Documentación relativa ao destino da vivenda:

a) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar deberá achegar: certificado de empadramento e/ou compromiso escrito de

destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de tres anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.

b) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente, propia ou de terceiras persoas, no prazo máximo de seis meses e de manter a súa ocupación, cando menos, por tres anos contados dende a aprobación definitiva das axudas.

Neste caso tamén se admitirá a inscrición por idéntico prazo, da vivenda ou vivendas no “Programa de vivendas baleiras” do Concello de Mugardos.

4. Documentación técnica relativas ás obras

- Acta de inicio das obras acreditando que estas se comezaron despois de realizada a solicitude das axudas conforme a estas bases, sendo criterios válidos para acreditar o cumprimento de dito requisito:

a) Documentación xustificativa da presentación de comunicación previa e do pago do ICIO ou acordo de concesión da licenza urbanística segundo proceda.

b) Inexistencia de medidas de reposición da legalidade urbanística adoptadas con motivo das obras para as que se solicita a axuda.

c) Documentación técnica que de xeito complementario poda ser achegada no seu caso.

- Certificado do inicio das obras, no caso de obras iniciadas con anterioridade á data da publicación da convocatoria no suposto contemplado na Base 6, parágrafo 7 que verifique que son posteriores ao 28 de outubro de 2018 e declaración responsable de non ter rematado con carácter previo á publicación da convocatoria.

Obras suxeitas ao réxime de comunicación previa:

- Relación descritiva e construtiva onde se relacionen as unidades de actuación a executar ou proxecto técnico se así procede.

- Valoración económica das obras, onde se relacionen as partidas e o orzamento total protexido de acordo a estas bases.

- Reportaxe fotográfica do exterior e interior do edificio sobre o que se actúa e o seu entorno inmediato



Para a elaboración desta documentación poderá solicitarse o asesoramento técnico da Oficina de Rehabilitación referido no artigo 10 destas bases.

Obras suxeitas a licenza:

- Proxecto arquitectónico redactado por técnico competente se é o caso.
- A documentación esixida con carácter xeral polo Concello de Mugarbos para o outorgamento de licenza.

5. Documentación unha vez finalizadas as obras.

Comunicación final das obras suxeitas ao réxime de intervención administrativa por medio de licenza.

- Declaración expresa por parte do técnico director das obras a través da certificación final das obras comprensiva:

- a) Que o proxecto foi executado conforme o indicado na solicitude.
- b) Que as actuacións foron executadas en prazo.
- c) Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.
- d) Que se executou de acordo co previsto na cualificación provisional. De existir modificacións no proxecto, achegárase un informe técnico ou documento cos datos e incidencias máis significativas ocorridas durante a execución. Neste caso, previo ao momento da realización de modificacións sobre o contido no proxecto, deberánse comunicar á Oficina de Rehabilitación os cambios desexados e dispor dos títulos habilitantes necesarios.

- Memoria final das obras que inclúa polo menos o seu custe real a fin de xustificar o orzamento protexible.

-Xustificación dos custes aboados mediante copia das facturas emitidas polas empresas adxudicatarias das obras e documentos bancarios de pagamento.

-Certificación de fin de obra expedida polo técnico responsable, no caso de que fose preceptivo. Incluindo o Anexo 1 do CFO.

- Outra documentación administrativa e técnica final, segundo corresponda como: Licenza de Primeira Ocupación, Boletíns de instalacións, certificado técnico de modificación das condicións do Informe de Avaliación de Edifícios, ou certificación enerxética do edificio no que se reflicte a mellora da cualificación enerxética total do edificio.

Comunicación final das obras suxeitas ao réxime de intervención administrativa por medio de comunicación previa.



- Para os supostos nos que sexa preceptiva a participación de técnico/a director/a das obras, deberase presentar:

a) Certificación de fin de obra expedida polo técnico responsable, no caso de que fose preceptivo, incluíndo o Anexo 1 do CFO e declaración expresa polo/a director/a das obras:

1. Que o proxecto foi executado conforme o indicado na solicitude.
2. Que as actuacións foron executadas en prazo.
3. Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.
4. Custe real das obras a fin e xustificar o orzamento protexible.
5. Que se executou de acordo co previsto na cualificación provisional. De existir modificacións no proxecto, achegárase un informe técnico ou documento cos datos e incidencias máis significativas ocorridas durante a execución. Neste caso, previo ao momento da realización de modificacións sobre o contido do proxecto, deberánse comunicar á Oficina de Rehabilitación os cambios desexados e dispor dos títulos habilitantes necesarios.

b) Xustificación dos custes aboados mediante copia das facturas emitidas polas empresas adxudicatarias das obras e documentos bancarios de pagamento.

c) Reportaxe fotográfica.

d) Outra documentación administrativa e técnica final, segundo corresponda como: Licenza de Primeira Ocupación, Boletíns de instalacións, certificado técnico de modificación das condicións do Informe de Avaliación de Edificios, ou certificación enerxética do edificio no que se reflicte a mellora da cualificación enerxética total do edificio.

- Para os supostos nos que non sexa preceptiva a participación de técnico/a director/a das obras, previa solicitude de visita de comprobación polo director/a da Oficina de Rehabilitación, deberase presentar:

a) Memoria final das obras que recolla pronunciamento expreso sobre a adecuación urbanística das obras, prazo de execución e que se executaron de acordo co previsto na cualificación provisional, e no seu caso modificacións experimentadas e títulos habilitantes solicitados, previa comunicación á Oficina de Rehabilitación dos cambios desexados.

Recollera igualmente o custe real das obras a fin de xustificar o orzamento protexible.

b) Xustificación dos custes aboados mediante copia das facturas emitidas polas empresas adxudicatarias das obras e documentos bancarios de pagamento.



c) Reportaxe fotográfica.

d) Outra documentación administrativa e técnica final, segundo corresponda como: Licenza de Primeira Ocupación, Boletíns de instalacións, certificado técnico de modificación das condicións do Informe de Avaliación de Edificios, ou certificación enerxética do edificio no que se reflicte a mellora da cualificación enerxética total do edificio.

6. Outras:

-Calquera documentación indicada no Real decreto 106/2018, do 9 de Marzo ou na *Resolución de 3 de Agosto de 2018 polo que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento ou rexeneración e renovación urbana e rural do plan estatal de vivenda 2018-2021, conforme se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras ds axudas previstas para este programa.*

- Declaración de outras axudas solicitadas para o mesmo edificio ou vivenda, tanto no caso de telas recibido coma no caso de no ter recibida ningunha.

- Orzamento global no que se indique a participación específica de cada un dos promotores.

- Aqueles que sexan necesarios para a determinación da concesión e que sexan requiridos pola Oficina de Rehabilitación ou polo propio Concello.

Aquelas solicitudes que persigan a rehabilitación de elementos comúns a varias vivendas deberán aportar:

- A identificación individual de cada un dos promotores.

- No caso de solicitude de endoso deberá achegarse a maiores:

- Documento de aceptación de endoso asinado polo representante da empresa construtora e certificado de número de conta da empresa construtora no caso de solicitude de endoso excepcional.

- No caso de Comunidades de Propietarios acordo da comunidade de propietarios desta solicitude, no que figuren os datos da persoa ou empresa a favor da cal se solicita o endoso.

Os órganos competentes do Concello de Mugardos, do IGVS e do Ministerio de Fomento, poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinale, poderá entenderse que renuncia á subvención.



Para a elaboración desta documentación poderás solicitarse o asesoramento técnico da Oficina de Rehabilitación referido no artigo 10 destas bases.

Non se atenderá ningunha solicitude desta índole que non conte coa aceptación e sinatura de todos e cada un dos interesados.

Os impresos para a solicitude de axudas, presentación de documentación etc estarán a disposición dos interesados na Oficina de Rehabilitación.

Base 12ª Cualificación provisional das actuacións

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o concello a través do/s técnico/s da Oficina de Rehabilitación revisará a documentación presentada e, logo dos requirimentos que se consideren necesarios para completar ou aclarar a documentación recibida, o concello ditarán resolución denegatoria das solicitudes que non cumpran os requisitos.

2. Respecto das solicitudes que cumpran os requisitos, o concello elaborará unha proposta de cualificación provisional. Nesta proposta seguirase como criterio a orde de entrada no rexistro, segundo se establece nestas bases, para a obtención da subvención e distribuindo as solicitudes en **dous grupos**: un prioritario que incluírá a persoas propietarias ou arrendatarias de vivendas individuais e un secundario que incluírá a comunidades de propietarios, persoas xurídicas etc. O primeiro grupo terá orde de preferencia no outorgamento de axudas sobre o segundo.

Elaborada a proposta de cualificación provisional segundo grupos de prioridades, o concello, con carácter previo á súa aprobación, procederá a requerir das persoas solicitantes interesadas afectadas que acheguen certificación de estar ao día coas súas obriogas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co Concello e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria segundo a LXS e a LSG.

3. A proposta de cualificación provisional será enviada á área provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo a modo de proposta de cualificación provisional de acordo co establecido *Resolución de 3 de Agosto de 2018 polo que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento ou rexeneración e renovación urbana e rural do plan estatal de vivenda 2018-2021, conforme se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras ds axudas previstas para este programa.*

A esta proposta deberá xuntarse unha certificación municipal do cumprimento dos requisitos exixidos polo Plan estatal 2018-2021, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

4. O resto do procedemento continuará de acordo ao establecido no punto Vixesimoprimeiro e Vixesimosegundo da citada Resolución do 3 de Agosto de 2018

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área



provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta entenderase denegada.

Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais da IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

5. Manterase a posibilidade de presentación de solicitudes de axuda despois do prazo inicial, que poderán recibir axudas en caso de dispoñibilidade de crédito, dando lugar a elaboración de listaxes de solicitudes mensuais para á súa tramitación segundo o estipulado no apartado 2 desta base ata acadar a totalidade do crédito dispoñible outorgado pola Administración Estatal ou Autonómica.

Base 13ª Cualificación definitiva das actuacións

1. As persoas ou entidades promotoras das actuacións, dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional, comunicarán o seu remate ao responsable da Oficina de Rehabilitación mediante escrito presentado no rexistro xeral do concello ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 LPAC acompañada de certificación de estar ao día coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co Concello e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria LXS, e da LSG.

A Oficina de Rehabilitación deberá proceder a realizar as seguintes comprobacións:

a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas exixencias establecidas na resolución de cualificación provisional.

b) Que para a súa execución contáronse con todas as autorizacións necesarias.

c) Que o pagamento efectivo das facturas e os documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións foron realizados polas persoas ou as entidades beneficiarias que figurasen na resolución de cualificación provisional.

2. Logo de realizar as comprobacións sinaladas no punto anterior, os técnicos da Oficina de Rehabilitación elaborarán unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado, o número de vivendas e locais e a proposta de subvención final que se aboará. A esta proposta de cualificación definitiva, que remitirán á área provincial do IGVS, deberá xuntarse unha certificación do concello do cumprimento dos requisitos establecidos no Plan estatal 2018-2021, na presente orde e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto a actuación como á persoas e entidade beneficiaria.

3. A xefatura territorial do IGVS, logo das comprobacións que consideren oportunas, resolverá sobre a cualificación definitiva de acordo ao estipulado na citada *Resolución de 3 de Agosto de 2018 polo que se regula o procedemento para*



a participación no programa de fomento ou rexeneración e renovación urbana e rural do plan estatal de vivenda 2018-2021, conforme se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras ds axudas previstas para este programa

4. Serán causas de denegación da cualificación definitiva as seguintes:

- a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.
- b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela.
- c) O incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.
- d) O incumprimento por parte da persoa ou entidade promotora de calquera dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de Marzo, nesta orde e no correspondente acordo específico, para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.
- e) Non executar as obras de conformidade ao estipulado nestas bases.

Base 14ª Xustificación das actuacións

1. A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.
2. A certificación municipal que se acompaña á proposta de cualificación definitiva constituirá a memoria económica xustificativa do custo da actividade exixida no artigo 48.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Á vista dos datos remitidos por cada concello, a área provincial do IGVS formulará a xustificación da aplicación dos fondos previstos en cada un dos acordos específicos e das subvencións correspondentes.
3. O Concello de Mugardos aboará as correspondentes subvencións ás persoas e as entidades beneficiarias previa presentación de de certificación de estar ao día coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co Concello no caso de que en función do tempo transcorrido houbese expirado a súa vixencia e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria segundo a LXS e a LSG, e xustificarán os pagamentos realizados, tanto respecto das subvencións estatais, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento, como das subvencións autonómicas. Estas xustificacións deberán realizarse ás correspondentes áreas provinciais do IGVS nun prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagamentos.



4. O Concello de Mugardos remitirá á área provincial do IGVS as xustificacións dos gastos de mantemento de equipos técnicos e das oficinas de información e de xestión.

5. O Concello de Mugardos procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

Base 15ª Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

a) Realizar as actuacións de rehabilitación para as cales se conceden as axudas, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.

b) Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou persoa inquilina, no suposto de que se destinen ao alugamento, por un prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, y 38/2003, de 17 de Novembro, para o caso de recibir as axudas autonómicas e segundo o recollido no apartado vixésimo cuarto da *Resolución de 3 de Agosto de 2018 polo que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento ou rexeneración e renovación urbana e rural do plan estatal de vivenda 2018-2021, conforme se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras ds axudas previstas para este programa.*

c) Comunicar ao concello calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o concello e/ou o IGVS considere pertinentes durante a vixencia da subvención.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo concello ou o IGVS.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a



información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.

Base 16ª Bonificación, taxas e impostos

Serán de aplicación para as actuacións incluídas nestas bases, as taxas e impostos coas súas correspondentes bonificacións, previa comprobación do cumprimento dos requisitos para a concesión da mesma/s, de acordo coa ordenanza reguladora de aplicación en cada momento no concello de Mugardos.

Base 17ª Información

O Concello prestará información sobre as axudas que se poidan tramitar a través da Oficina de Rehabilitación que se habilitará con este propósito.

Para todo o non concretado nestas bases en cano exista contradición entre documentos estarase ao disposto no no Real decreto 106/2018, do 9 de Marzo e na *Resolución de 3 de Agosto de 2018 polo que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento ou rexeneración e renovación urbana e rural do plan estatal de vivenda 2018-2021, conforme se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras ds axudas previstas para este programa*

Base 18ª Reintegro da axuda

Procederá o reintegro da axuda, total ou parcialmente, polo incumplimento de calquera das obrigas que incumben ao beneficiario, segundo os artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

Base 19ª Publicación da convocatoria

A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, por conducto da BDNS con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiarios/as, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Será tamén obxecto de publicidade no Taboleiro de Edictos do Concello, na web municipal <http://www.concellodemugardos.gal>.

Disposición adicional primeira.- Réxime de infraccións e sancións

As persoas beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda.- Normativa aplicable

Esta convocatoria ríxese por:



- Real Decreto 106/2018, de 9 de Marzo, polo que se regula o Plan Estatal de vivenda 2018-2021

-Resolución de 3 de Agosto de 2018 polo que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento ou rexeneración e renovación urbana e rural do plan estatal de vivenda 2018-2021, conforme se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras ds axudas previstas para este programa

- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Mugardos BOP nº de 183 de 25.09.2013.

-Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e Regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (LXS)

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)

Anexo I Solicitud

SOLICITUDE OFICIAL DE AXUDA

DATOS DOS SOLICITANTES

Promotor:	DNI/CIF:	Telef:
Dirección:	C.P.:	Localidade:
Representante		
Promotor:	DNI:	Telef:
Dirección:	C.P.:	Localidade:

EXPÓN:

1º)-Que en calidade de: propietario ou inquilino autorizado para a realización das obra de

situada/o en:

Nº: Piso: Letra:

Localidade:

- Desexa acollerse ás axudas previstas polas bases da convocatoria para o outorgmento subvencións/axudas para a rehabilitación de vivendas e/ou edificios dentro da Área de rexeneración e renovación urbana núcleos de Mugardos e O Seixo

- Que dito inmovible reúne as características, en relación co seu uso actual e futuro, seguintes:

Uso actual. Ocupada por:

Uso futuro:



- | | |
|--------------------------------------|---|
| ☐ Propietario | ☐ Residencia habitual do propietario |
| ☐ Inquilino | ☐ Residencia habitual do inquilino |
| ☐ Desocupada | ☐ Aluguer |
| | ☐ Hurtos |

2º)--Que para as actuacións obxecto da presente solicitude:

- ☐ **Non** foi solicitada nin concedida ningunha subvención das distintas administracións ou entes públicos.
- ☐ **Sí** foron solicitada/s a/s seguinte/s subvención/s:

Administración pública:

Subvención:

3º)- **DECLARO/DECLARAMOS** que a vivenda ou a porcentaxe de vivendas obxecto de esta solicitude, requeridas por ley (No caso de comunidades de propietarios) se adicarán a residencia habitual e permanente e que o seu uso despois da rehabilitación vai ser o de:

- ☐ Uso propio
- ☐ Alugueiro

*No caso de adicarse a alugueiro, se condicionará a concesión de cualificación definitiva da actuación a correspondente inscrición do inquilino no padrón do concello de Mugardos e a presentación do contrato de aluguer segundo os termos da ley 29/1994, de 24 de Novembro de arrendamentos urbanos

3º)- **AUTORIZAMOS** A os responsables do Concello de Mugardos ao tratamento e investigación tributaria dos nosos datos pessoais co fin de emitir certificación de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración tributaria, ademais dos tributos correspondentes ao concello de Mugardos, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de Decembro, e da lei 9/2007, do 13 de Xuño

4º)- **DECLARAMOS** non ter ningunha débeda pendente coa tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e **ADXUNTAMOS** a esta solicitude as certificacións correspondentes expedidas por cada un dos organismos con unha data inferior a menos de tres meses de presentada no rexistro xeral do concello esta solicitude

5º) **DECLARAMOS** non estar incursos en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6º)- **DECLARAMOS COÑECER**, as obrigas e responsabilidades derivadas da solicitude, en particular as de:

a)-Solicitar visita do técnico encargado polo órgano municipal competente para que expida certificado conforme as obras comenzaron dentro dos prazos establecidos na convocatoria. (Coa salvedade das que poidan ser prorrogadas polo organo competente do concello de convocatorias ou plans de vivenda anteriores e consten solicitudes anteriores rexeitadas por esgotamento do orzamento presupuestario, sempre que se axusten a nova convocatoria e cumpran cos seus requisitos)

b)-Contar coa corresponde licenza para realización de obras.



d)-Solicitar visita do técnico encargado polo órgano municipal competente para que expida certificado conforme as obras se remataron e se axustan a solicitude concedida, para a súa cualificación definitiva. (A solicitude se debe acompañar como mínimo polos certificados finais de obra do técnico encargado mesma, cando sexa preceptivo segundo a lei, e da xustificación mediante anotación bancaria dos pagamentos entre o promotor e contratista da obra, no que se recolla o pagador, o receptor do pagamento, e a titularidade da conta dende a que se fai a operativa, que sempre debe coincidir co solicitante ou solicitantes das subvencións)

Y EN BASE AO RECOLLIDO NO EXPONENDO SOLICITA:

Que lle sexan concedidas as axudas indicadas de conformidade co previsto na bases da convocatoria para o outorgamento subvencións/axudas para a rehabilitación de vivendas e/ou edificios dentro da Área de rexeneración e renovación urbana núcleos de Mugardos e O Seixo

Mugardos, de de 20 .

Asdo.:_____”

Mugardos, documento asinado dixitalmente á marxe.

A concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica

(RA núm. 2023-0615, de 26 de xuño de 2023)

Ana María Varela Bastida

